



# REVISITANDO A GALICIA ROMANA CON FELIPE ARIAS

---

Fernando Acuña Castroviejo  
Universidade de Santiago

---

## Introdución

Nestas páxinas que o Museo do Castro de Viladonga solicita para falar da obra do seu antigo director, ao que non podo negarme, tentarei trazar unha visión sintética das súas principais achegas ao mundo galaico-romano partindo duns precedentes e considerando aqueles aspectos que considero máis importantes a través das súas publicacións en revistas e congresos deixando a un lado o seu importante papel como divulgador noutros ámbitos e mesmo en traballos ocasionais, como exposicións por exemplo.

Cando Felipe Arias Vilas chega a Santiago empezaba unha nova etapa na USC. Daquela, a Facultade de Filosofía e Letras comezaba a contar coa presenza de novos profesores entre os que sobranceaba Alberto Balil, cunha sólida formación que abriría novas perspectivas aos alumnos e que permitiron que, a pesar da súa curta estadía, os estudos da arqueoloxía, epigrafía e numismática foran asentándose e deran lugar a unha gran produción científica plasmada en teses de licenciatura, de doutoramento e publicacións (ACUÑA 1992, 11-14).

Hoxe en día a Universidade non goza de boa saúde e voltamos a tempos que críamos xa superados xa que a redución de medios, profesorado e o actual plano de estudos de Bologna non auguran nada novo (ACUÑA 2014).

Daquelas ensinanzas e da formación que tivo ulteriormente no IPSEG na Sección de Arqueoloxía e Prehistoria dirixida por Fermín Bouza Brey e, con posterioridade, por Xesús Taboada Chivite, Felipe Arias

logrará conxugar o rigor na investigación co espírito nacionalista e galeguista recibido daqueles próceres e do ambiente creado polos que nesa altura andabamos por alí, que xa non abandonaría, e do que son boa mostra as distintas publicacións realizadas e a súa actividade pública na que sempre fixo gala das súas conviccións.

## Principais achegas

Deixando a un lado outras achegas importantes sobre a cultura castrexa ou a museoloxía que agora non me competen, por ser outros os autores que traten diso, penso que o fundamental está nos estudos de carácter global sobre a Galicia romana e as análises particulares sobre algunhas das temáticas que de seguido paso agora a comentar.

O seu primeiro traballo foi sobre a muralla da súa cidade natal, seguindo o modelo empregado por Balil ao estudar a de *Barcino* (ARIAS 1972). Naquela altura, supuxo unha monografía actualizada sobre ese sistema de fortificacións do Baixo Imperio, nun período que Balil denominara de “amenaza exterior e inquietud interna”, que so en épocas recentes grazas ás escavacións realizadas, viuse superado nalgúns aspectos (sistema de accesos, por exemplo) pero que segue sendo válido no fundamental.

Sobre Lugo volvería con frecuencia tocando distintos temas como unha síntese sobre a capital do convento (ARIAS 1976), diversos estudos epigráficos e un estudo moi interesante e novidoso sobre a demografía no Lugo romano no Alto Imperio baseado nas inscricións (ARIAS 1975).



Congreso de Arqueoloxía de Álava. 1973. Visita a Iruña. Felipe Arias e Mariché Durán con A. Balil, a súa dona, F. Fariña, X.A. Regos Varela, M. Gilino Villarramos, J.M. Caamaño, F. Acuña, J.C. Sierra, e E. Grandío.

E, en relación con isto, non cabe dúbida que as manifestacións que Balil realizou nun artigo luminoso, pero pouco citado e seguido, exerceron unha grande influencia sobre os que a partir dos setenta nos dedicamos ao mundo romano (BALIL 1973). Alí falábase da necesidade de coñecer as rutas terrestres e marítimas, do lugar que Lugo ocupaba dentro da *Gallaecia*, dos castros romanos e das relación *villae*-castros sen esquecer o importante papel da epigrafía.

Pois ben, moitos deses aspectos son os que Felipe Arias estudou ao longo da súa vida científica dos que xa aludín a algúns.

No que se refire á epigrafía, a achega fundamental son as inscricións romanas da provincia de Lugo, en colaboración con investigadores galos, polo que supuxo poder contar cun *Corpus* actualizado de toda a provincia que viña substituír ao benemérito traballo das IRG iniciadas no Instituto P. Sarmiento baixo a dirección de A. D'ORS e da que o vol. II fora precisamente o correspondente a Lugo (VÁZQUEZ/VÁZQUEZ 1954). A obra recolle todos os epígrafes anteriores con novas lecturas nalgúns casos, e incorpora os novos achados o que dou lugar a que Galicia seguira á cabeza dos

Corpora epigráficos peninsulares tal como ocorrera coas IRG xa citadas (ARIAS / LE ROUX / TRANOY 1979).

A esta importante contribución seguirían outras novas de achados ou correccións de inscricións anteriores. E neste sentido teño que citar unha moi importante contribución na que vencella os asentamentos coa epigrafía e salienta a importancia dos datos que poden fornecer (ARIAS 1991).

Outro aspecto que quero salientar e a súa preocupación polo poboamento, iniciada xa cun artigo, feito en colaboración, no que, ao tratar da Galicia baixorromana, analiza tanto os núcleos urbanos como os asentamentos rurais, as necrópoles, as actividades económicas, os problemas sociais, as industrias artísticas e a entrada do cristianismo (ARIAS / CAVADA 1977-1978). Esta preocupación seguirá despois ao tratar a supervivencia habitacional dos castros e as vilas (ACUÑA / ARIAS 1983), (ARIAS 1992c, 2003), (ARIAS / VILLA 2005).

Un traballo de madurez e moi oportuno, é o volume dedicado á romanización de Galicia (ARIAS 1992a) xa que noso País precisaba dunha obra científica,

---

actualizada e de divulgación que servira de guieiro, como así foi, aos que quixeran coñecer esta temática. Nos tempos anteriores so contábase coas obras de Colmenero, que pese ao título abrangía moito mais (RODRÍGUEZ 1973), Torres nas que adoeceía da suficiente documentación arqueolóxica pero para súa época ben tratadas as cuestións históricas (TORRES 1982) e a de Tranoy, sen dúbida o mellor traballo feito sobre a Galicia romana, que aínda hoxe hai que seguir tendo de referencia (TRANOY 1981). Por todo isto, a publicación do libro de Felipe Arias resultou moi oportuna para as novas xeracións de estudantes.

Tamén prestou atención especial ao estudo de xacementos emblemáticos galegos como é o caso de Castellós, no que atinadamente pon un pouco de luz no caos da información que tiñamos sobre este importante conxunto (ARIAS 1992b), ou ben sentiu preocupación pola arqueoloxía romana da provincia de Lugo nunha guía divulgativa, publicada en colaboración, co gallo do Bimilenario da fundación de *Lvcvs Avgvsti* (ABEL / ARIAS 1975).



Felipe Arias con algunhas colaboradoras en Castellós. 1984

Por outra parte, nin a relixión (ARIAS 1974a), nin a numismática (ARIAS 1974b, 1997, 2009) e tampouco a rede viaria na que analiza un manuscrito de J. Cornide do Arquivo do Reino de Galicia (ARIAS 1980b) ou o papel da costa e dos camiños marítimos no proceso romanizador (ARIAS 2004) foron algo alleo ao seu campo de investigación.

### Coda

Finalmente quero salientar algo sobre algúns traballos de historiografía, singularmente o dedicado a D. Xesús Taboada Chivite (ARIAS 2007), no que incide no concepto do galaico-romano xa tratado con anterioridade (ARIAS 1987), algo herdeiro de xeracións anteriores e do que seguimos a falar por ser un termo moi acaído para a propia singularidade de Galicia.

Recentemente algúns arqueólogos revisionistas poñen en dúbida este concepto así como interpretan o papel que xogaron no progreso do coñecemento da nosa historia antiga non só os homes do Seminario de Estudos Galegos e da Xeración Nós, senón tamén os que lexitimamente podemos considerarnos os seus herdeiros grazas á transmisión que nos fixeron nosos Mestres, singularmente Bouza Brey, Taboada Chivite e tantos outros. Pero neste momento de ledicia no que escribimos nesta homenaxe a Felipe Arias con motivo da súa *ivbilatio*, non merece a pena deterse nestas cuestións, nin nos seus autores, que moitas veces representan as miserias da vida científica, e so agardar que o noso homenaxeado siga a cumprir co seu papel de investigador do noso pasado e continúe a contribuír ao seu esclarecemento.

### Bibliografía

ABEL VILELA, A. de / ARIAS VILAS, F. (1975), *Guía arqueolóxica romana de Lugo y su provincia*, Lugo, Diputación Provincial.

ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1992), "Bibliografía de Alberto Balil" in *Finis Terrae. Estudos en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil* (Coord. Prof. Dr. Fernando Acuña Castroviejo), Santiago de Compostela, Universidade, 11-49.

ACUÑA CASTROVIEJO, F. (2014), "O ensino da arqueoloxía na Galiza entre o franquismo e hoxe", *Revista da Facultade de Letras, Ciências e Técnicas do Património XIII*, Porto, 119-128.

ACUÑA FERNÁNDEZ, P. / ARIAS VILAS, F. (1983), "Algunhas cuestións sobre os asentamentos na Galicia baixorromana", *Actas del II Seminario de Arqueología*

- del Noroeste, Santiago* 1980, Madrid, Ministerio de Cultura, 261-271.
- ARIAS VILAS, F. (1972), *Las murallas romanas de Lugo*, Santiago, Studia Archaeologica 14.
- ARIAS VILAS, F. (1974a), "La Religión en la Galicia romana", *Liceo Franciscano* XXVII, 69-77.
- ARIAS VILAS, F. (1974b), *Monedas de un tesoriño do século IV DC hallado en Lugo*, Studia Archaeologica 29.
- ARIAS VILAS, F. (1975), "Aportación al estudio demográfico del Lugo romano", *Actas de las I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas I Prehistoria e Historia Antigua*, 243-249.
- ARIAS VILAS, F. (1976), "Lucus Augusti" in VV.AA., *La romanización de Galicia*, Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos 16, Ediciones del Castro, Sada, 55-62.
- ARIAS VILAS, F. (1980a), "Unhas inscricións inéditas en Pacios (Begonte, Lugo)", *Brigantium* 1, 125-129.
- ARIAS VILAS, F. (1980b), "Un documento de J. Cornide a propósito do tramo viario Lucus-Brigantium", *Gallaecia* 6, 259-26.
- ARIAS VILAS, F. (1984), "Nova inscrición romana no Museo de Lugo", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo* 2, 229-234.
- ARIAS VILAS, F. (1987), "Castros lucenses de época romana", *Memorias de Historia Antigua* VIII, 7-16.
- ARIAS VILAS, F. (1991); "Xacementos arqueolóxicos e achados epigráficos en Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXIX, 23-33.
- ARIAS VILAS, F. (1992a), *A romanización de Galicia*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- ARIAS VILAS, F. (1992b), "O xacemento galaico-romano de Castillós (Lugo)" in *Finis Terrae. Estudos en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil (Coord. Prof. Dr. Fernando Acuña Castroviejo)*, Santiago de Compostela, Universidade, 225-256.
- ARIAS VILAS, F. (1992c), "Apuntes sobre a ocupación do territorio na Galicia baixorromana. Castros e vilas" in VV.AA., *Galicia: da Romanidade á xermanización. Problemas históricos e culturais*, Santiago, 201-208.
- ARIAS VILAS, F. (1997), "Moedas romanas de S. Cosme de Piñeiro e outras notas arqueolóxicas do Concello da Pastoriza", *Lucensia* 15, 267-278.
- ARIAS VILAS, F. (2003), "A Mariña lucense en época galaico-romana: un poboamento e uns recursos diversificados", *Lucensia* 27, 261-276.
- ARIAS VILAS, F. (2004), "A Romanización de Galicia e os camiños marítimos", in VV.AA. *Ate o confín do mundo: diálogos entre Santiago e o mar*, Vigo, 47-67.
- ARIAS VILAS, F. (2007), "Xesús Taboada Chivite e o galaico-romano: a lembranza dun home e dunha intuición científica", *Boletín Auriense* 37, 99-108.
- ARIAS VILAS, F. (2009), "Introducción" in DURÁN FUENTES, M<sup>a</sup> C., *Moedas do Museo do Castro de Viladonga*, Santiago, Xunta de Galicia, 7-13.
- ARIAS VILAS, F. / CAVADA NIETO, M. (1977-78), "Galicia bajorromana", *Gallaecia* 3-4, 91-108.
- ARIAS VILAS, F. / VILLA VALDÉS, A. (2005), "El poblamiento romano en el territorio de los galaicos lucenses" in VV.AA., *Coloquio Internacional de Arqueología en Gijón* 2002, 297-308.
- ARIAS VILAS, F. / LE ROUX, P. / TRANOY, A. (1979), *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París, CNRS.
- BALIL, A. (1973), "Algunos aspectos y problemas de la Galicia romana", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXVIII, 161-180.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1977), *Galicia meridional romana*, Bilbao, Universidad de Deusto.
- TORRES RODRÍGUEZ, C. (1982), *La Galicia romana*, La Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- TRANOY, A. (1981), *La Galice romaine: recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique dans l'Antiquité*, París, Difussion de Bocard.
- VÁZQUEZ SACO, F. / VAZQUEZ SEIJAS, M. (1954), *Inscripciones romanas de Galicia*. Vol. II: *Provincia de Lugo*, Instituto. P. Sarmiento de Estudios Gallegos.